A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

Cobiza de lobos. A falange en Lugo

María Jesús Souto Blanco

A violencia[1], e a corrupción[2] cimentaron o réxime de Franco na provincia lucense, polo menos nos primeiros anos.

Esa violencia regulada polas leis do Estado de guerra, era exercida formalmente polos que tiñan o monopolio da violencia estatal: militares, xuíces, persoal de prisións, garda civil e policía. Pero, ademais desta violencia "legal", aínda que ilexítima, existía outra, extraoficial, que era exercida fundamentalmente por Falange.

Tamén foron as autoridades de Falange as máis frecuentemente implicadas en prácticas corruptas, nunha sociedade como a do primeiro franquismo na que a corrupción era moeda común.

Diste modo, nos primeiros anos da Guerra o réxime franquista[3]:

- Permitiu a violencia de Falange como instrumento da represión, que estivo protagonizada e dirixida fundamentalmente, polo menos en Lugo, non por neofalangistas, senón precisamente por "camisas viejas".
- Permitiu a corrupción das xerarquías de Falange como recompensa pola súa implicación nesa política de terror necesaria para o sometemento da poboación e implantación do réxime.
- Instrumentalizou a legalidade e a xustiza encargada de controlar e xulgar esa violencia e corrupción, para someter calquera ameaza ó poder ascendente de Franco. Para o franquismo o uso ilexítimo da violencia e da corrupción exercida por Falange, non supoñía un verdadeiro problema, nin xurídico, nin político. Isto é así, debido sobre todo, ó feito de que o respeto a legalidade, mesmo á imposta polo propio réxime, non era un valor a salvagardar.

En definitiva, perante o primeiro franquismo os lucenses foron obxecto de inxustiza na súa forma mais arbitraria, xa que o estado de superioridade dos gobernantes era tal, que si estes incorrían en comportamentos ilícitos (uso da violencia política e da corrupción), os cidadáns non podían esperar que fosen sancionados.

Aínda que son numerosos os exemplos que sustentan estas hipóteses por razóns de tempo e espacio exporemos a continuación un estudio de caso exemplar, centrado no que foi xefe territorial de FE-JONS de Galicia nos primeiros meses despois da sublevación do 36, Mario González Zaera (en adiante MGZ), un dos falangistas condenados por hedillismo a raíz do Decreto de Unificación.

A nosa argumentación basease fundamentalmente en dous sumarios militares por traizón instruídos contra MGZ e outros falangistas[4]. Ademais manexamos outras fontes complementarias: hemerográficas, xudiciais civís (expedientes de responsabilidades políticas), gobernativas, penitenciarias, etc.

Breve caracterización de MGZ

Mario Benito Nicolás González Zaera, naceu en Sarria[5], provincia de Lugo, o 17 de decembro de 1900 e faleceu no mesmo municipio o 3 de outubro de 1980. Unha descrición deste home, figura no libro Testimonio de Hedilla, escrito por Mariano García Venero a instancias e baixo o control do propio Hedilla[6]:

Este Zaera –uno de los tres hombres de singular volumen físico que militaron en la Falange, par de Agustín Aznar y Emilio Alvargonzález– recuerda por la entonación y el ademán a un tribuno gallego de la especie cantoniana. Es el tipo –raro– del gallego extrovertido, pero que en sus arrebatos y gesticulación tiene alguna dosis de cautela céltica. Estaba en los años de la treintena, y sentía, en verdad, sincero disgusto por las mezquindades caciquiles de su país[7].

Este posicionamento de MGZ contra os caciques non impediu que, xa dende tempos da República, se asociase nunha comunidade de intereses políticos e económicos con Manuel Saco Rivera, conspicuo representante do caciquismo.

Manuel Saco contribuíu persoal e materialmente á preparación da sublevación militar[8]. Foi secretario de Nicolás Franco cando este ocupou a Secretaría Xeral do Xefe do Estado e en agosto de 1938, foi asasinado en Sarria por un falangista dunha facción contraria á de Zaera.

Á falta de coherencia entre a proclamada actitude anticaciquil de Zaera e a rede de alianzas na que se envolveu, podemos engadir outra contradicción, a súa pública e reiterada profesión de hedillismo fronte á forma en que renegou de tal lealdade ante as autoridades militares. Así, no sumario 1/38 preguntado sobre si afirmou que Hedilla volvería a ser Xefe de Falange, MGZ respondeu:

...no es cierto que el deponente hiciese semejante manifestación, máxime teniendo en cuenta que el referido Hedilla está expulsado del Movimiento y sometido a procedimiento, y además que el deponente acata la persona del Generalísimo y todas las disposiciones del mismo como lo puede probar el hecho de que en conversación mantenida con el señor Sangróniz, con anterioridad al Decreto de Unificación le manifestó el deponente la falta de capacidad que notaba en Hedilla para seguir ejerciendo un cargo como el que en aquella época tenía, al propio tiempo que le expresó la incondicional adhesión del deponente a la persona del Generalísimo, hasta el extremo de que en diferentes ocasiones en que conversó con el Señor Sangróniz, y este señor puede atestiguarlo, le habló de la necesidad, el declarante, de actuar de una manera enérgica en contra de la orientación que a la Organización daba Hedilla[9]

No libro antes citado sobre a vida de Hedilla, este aprobou a inclusión de numerosos testemuños de MGZ[10], proba de que confiaba na súa lealdade e de que descoñecía a declaración que acabamos de citar. Resulta rechamante despois do lido que incluso o diario de Lugo El Progreso, ó dar no seu día a nova do falecemento de MGZ resaltara o seu hedillismo e pedira ós lectores unha oración polo eterno descanso do home que [c. c.] "contra viento y marea, fue siempre fiel a sus ideales. Y eso, en estos tiempos, es algo que vale la pena poner de manifiesto[11]" [f.c.].

MGZ non era un advenedizo de última hora, era un camisa vieja. Así sobre a súa militancia fascista, o propio MGZ testemuña:

[c. c.] A principios del año 1933, fundé en el partido judicial de Sarria (Lugo) una sección de El Fascio Español (...). Entonces yo era propietario de los laboratorios de especialidades farmacéuticas "Kober"[12], pero lo abandoné todo por servir[13] [f. c.].

Abundando no talante corrupto e caciquil de MGZ, a verdade foi ben diferente, abandonou o negocio das especialidades farmacéuticas Kober por tratarse dunha estafa (anterior a unha quebra fraudulenta) pola que MGZ foi investigado.

A actividad de MGZ en falange

Como dirixente de Falange, Zaera foi tamén protagonista de todo tipo de incidentes armados meses antes da sublevación militar do 36.

A súa actividade sendo xefe provincial de Falange de Lugo e despois xefe territorial de Galicia, aparece descrita de forma pormenorizada na causa militar 1176/36. Nese sumario depuxeron

aproximadamente 136 testemuñas, todos con declaracións desfavorables, excepto as dos mandos e afiliados da Falange local (7), que só recoñeceron a existencia de certa desorganización en FE-JONS de Sarria. Como acabamos de dicir, declararon en contra de MGZ e do seu subordinado, Eduardo Gómez Requejo, todas as autoridades locais e prebostes de Sarria directamente relacionados cos feitos.

No resumen das actuacións o xuíz declara que chegou:

...a adquirir la opinión recta, serena y segura de que la comarca de Sarria estaba bajo el dominio y la tiranía de Falange Española, que la tenía sojuzgada y sometida (...) ; sus dirigentes abusando de sus cargos y respaldados por la masa y fuerza de su gente, que los apoyaba inconscientemente y por obediencia debida, realizaron toda clase de atropellos, vejaciones y desmanes llegando a conseguir, y ejercer, un poder omnímodo, pues eran amos, dueños y señores de aquel territorio, que regían como Cantón independiente, sobre el que ejercían, en forma despótica, desusada e inmoral un pleno y absoluto dominio, que pretendía desconocer a la Autoridad legal y que se había impuesto por el terror...[14]

Da proba levada a cabo na instrucción o xuíz deduce o seguinte:
1. Polos dirixentes de Falange Española de Sarria impoñeranse fortes multas en metálico a:

–Persoas e familias de marcada significación de esquerdas:

- ás tías do alcalde ca F. P. de Izquierda Republicana (Antonio Páramo Sánchez, fuxido, o seu tío xa fora fusilado), ás que mediante a violencia fóronlles esixidas en total 25.000 pts.
- A Dositeo Piñeiro, xestor municipal ca F. P. a quen tiñan preso no concello, esixíronlle 15.000 ptas., para poñelo en liberdade.
- A Avelino López Quintana (votante da F.P.) esixíronlle 1000 ptas. para poñer en liberdade á súa muller que estaba detida.
- A Valentín López López, para poñer en liberdade á súa esposa esixíronlle 11.000 ptas.

–Ás sucursais do Banco Pastor e de La Coruña, facendo figurar as cantidades requisadas como donativo á Falange Española. Así, no Banco Pastor presentáronse 10 ou 12 falangistas, armados con fusiles, que esixiron o pago de 5.000 ptas. como donativo a FE-JONS, como o director se negara a pagalas, o xefe do grupo colleu o diñeiro. Algo similar e con igual cantidade ocorreu no Banco de La Coruña.

2. Os procesados impuxeron unha subscrición, aumentando a contía progresivamente, e que era xestionada por unha comisión composta polo alcalde, o xuíz municipal e un importante propietario. Aquí se percibe unha irregularidade no sumario, xa que escrito a man se inserta entre liñas que os fondos recadáronse "para Falange de Sarria según manifiestan los señores que componían la comisión y otros testigos"[16]. Unicamente os integrantes da comisión declararon neste sentido, mentres que as testemuñas que contribuíron á subscrición, algúns de gran relevancia social, afirman que o fixeron crendo que era para o Exército Nacional[17].
Establecer no resumen das actuacións xudiciais que o fin da subscrición era recadar fondos para Falange, e non ter en conta os relevantes testemuños que afirmaban que se pedía para a Subscrición Patriótica, significaba exonerar a Falange da gravísima responsabilidade de apropiarse deses fondos.

3. FE-JONS de Sarria patrocinou unha subscrición de víveres para as forzas que loitaban nos frontes de combate[18] e tamén iniciou unha subscrición en ouro, anunciada como "Recaudación de oro para el Tesoro Nacional"[19], ámbalas dúas, según os autos, co obxectivo de apropiarse do diñeiro da súa venda.

O certo, como consta en informes acadados polo Gobernador civil e militar de Lugo[20], é que nada do obtido nestas subscricións foi entregado ás oficinas recadadoras da Subscrición Patriótica e que, tanto MGZ como Requejo, detraeron importantes cantidades de diñeiro da tesourería de Falange, sen comprobante algún[21].

Os feitos delictuosos non se limitaron o ámbito económico, aínda que o xuíz non fai referencia a eles nas conclusións, no sumario aparecen sólidos testemuños referidos a extorsións, violencia física e incluso asasinatos perpetrados por Falange, tamén contra autoridades militares e relixiosas, con todo o que esto implicaba en aquel momento[22].

Por razóns de tempo e espacio non podemos presentar tódolos excesos e tropelías que figuran no sumario, nin facer patente a solidez dos testemuños, creemos, no obstante, que o exposto é suficiente para xustificar a nosa perplexidade ante a decisión do Auditor de Guerra no sentido de recomendar o sobresemento provisional da causa (como así ocorreu), co argumento acomodaticio de que:

...los hechos de autos por afectar al desenvolvimiento de actividades ligadas estrechamente al movimiento nacional, revisten una peculiar

modalidad, de la que es necesario hacer muy particular estimación al enjuiciar el tema procesal propuesto y planteado, por referirse a un período en que las necesidades supremas imponían cierto grado de confusión en el desarrollo de ideas y consiguiente organización de servicios y cometidos al margen de toda norma clara y precisa, sin reglamentación específica que permita una puntual exigencia de deberes y obligaciones y por rozar la investigación las consecuencias de acciones represivas que inspiradas en un sentido nuevo, enérgico y eficaz de una justicia beligerante contra los enemigos solapados de España en plena realidad bélica, pudieron desenvolverse con mayor o menor acierto, ecuanimidad y pureza (...)

...habida cuenta de las circunstancias dichas no se encuentra relieve ni concreción delictiva suficiente en los hechos investigados, que afectan más propiamente al régimen de la organización y que por ende pueden dentro de ella ser ponderados, sancionados o enmendados con mayor sentido de justicia y eficacia.[23]

A única medida que tomou Falange contra MGZ foi cesalo como xefe territorial de Galicia, nomeándoo Delegado da Xunta de mando para as Illas Canarias, función que desempeñou durante un mes, transcorrido o cal foi trasladado a Salamanca como encargado de recruta e propaganda.[24]

Queda claro, pois, que o réxime consentiu a violencia e corrupción de Falange, verificándose as nosas dúas primeiras hipóteses.

Respecto á terceira, á de que o réxime instrumentalizou a xustiza, para someter calquera ameaza ó poder ascendente de Franco, a comparación do sumario xa visto con outro incoado contra MGZ e dous falangistas mais, é moi elocuente. Este segundo sumario fundamentábase nunha presunta actividade conspiradora dos denunciados contra Franco, co obxectivo de minar a autoridade deste e incluso atentar contra a súa persoa para, diste modo, conseguir a hexemonía de Hedilla.

Despois dunha detida análise desta segunda causa, verificamos que, deixando a un lado a acusación de conspiración, o resto das imputacións coinciden punto por punto coas que anteriormente foran sobresidas.

Os argumentos manexados para sobreser o primeiro sumario, utilízanse agora para todo o contrario. Así, na sentencia do Consello de Guerra manifestase que aquela conducta nos primeiros días do "Glorioso Alzamiento Nacional" é agora:

Merecedora del más duro y ejemplar de los castigos y en cualquier momento en que aquello se realizara, en los momentos históricos en que fueron ejecutados y por los que atravesó nuestra Patria, requerían e imponían una mayor atención y rectitud en la conducta de todos los coope-

rantes al triunfo de España, principio éste sentado taxativamente en el preámbulo del Bando de declaración de guerra de la Junta de Defensa Nacional de España indicando "Que las circunstancias por las que atraviesa España, exigen a todo ciudadano español el cumplimiento extricto (sic) de las leyes..." llegando en su consecuencia a imponer mayor severidad a los infractores de las leyes (...) valiéndose de la misión que les incumbía realizar y del cargo que Falange les había investido, y amparandose (sic) en las tinieblas del momento, llegaron con sus actos a traicionar, no solo la gloriosa historia y el magnífico espíritu de la Falange, sino también a su misma Patria y al Glorioso Alzamiento Nacional, el cual como ha dicho nuestro Caudillo tiene una ética y una moral."[25]

Como vemos, as circunstancias do momento que no anterior sumario eran consideradas un atenuante, son agora consideradas agravante, permitindo configurar un perfil criminal dos encausados, que serviría para considerar probada, por contigüidade, a acusación máis grave, a de conspiración contra Franco, para a cal non existían probas. Diste modo MGZ e Eduardo Gómez Requejo foron condenados a morte, se ben, ambas sentencias foron conmutadas polas de reclusión a perpetuidade.

Finalmente dicir, que MGZ permaneceu pouco máis de dous anos encarcerado cumprindo a sentencia, sendo finalmente indultado.

A opacidade imposta polo réxime franquista sobre as verdadeiras actividades da Falange, permitiron que a imaxe honesta e aguerrida que pretendían transmitir de esta organización perdurase, incluso ata datas moi recentes, como se pode comprobar na necrolóxica publicada polo diario El Progreso a raíz do falecemento en 1980 de MGZ e a que xa nos referimos. O panexírico que se lle dedica e as pompas fúnebres seguro reavivaron os sentimentos de aqueles que directa ou indirectamente foron víctimas das súas actuacións e que aínda non obtiveron a reparación que merecen.

Notas

[1]Respecto á violencia (política) referímonos a: "Toda forma de coacción física, incluída a ameaza de tal, orientada á consecución de obxectivos políticos" [Joaquín Romero Maura, *La romana del diablo. Ensayos sobre la violencia política en España (1900-1950)*, Madrid, Marcial Pons, 2000, p. 154].

[2]Respecto á corrupción referímonos á "práctica dunha discriminación contraria ás leis ou ao seu espírito (...) con frecuente desviación indebida de recursos e decisións." [Joaquín Romero Maura, opus cit., p. 159].

[3]Consideramos que o sistema político franquista comeza a funcionar o 1 de outubro de 1936, xa que a partir desta data Franco consegue unha extraordinaria

concentración de poder na súa persoa (xefe do Goberno e xeneralísimo dos exércitos), e en marzo de 1937, había indicios claros de que Franco decidira quedarse no poder non unicamente mentres durase a guerra; polo que procedeu á unificación de ideas, autoproclamándose xefe do novo partido único.

[4]Ambos atópanse no Tribunal Militar Territorial Cuarto en A Coruña. A primeira causa é a 1176/36 por traizón que se lle incoou xunto a Eduardo Gómez Rodríguez, coñecido por Requejo, xefe comarcal de FE-JONS de Sarria e a segunda é a 1/38 incoada tamén xunto ó citado Gómez Requejo, aínda que ámbolos dous xa non eran xefes de Falange e a Luis López López, ex xefe local de Falange de Paradela.

[5]Municipio da provincia de Lugo, capital do seu partido xudicial, formado ademais polos municipios de Incio, Láncara, Paradela, Páramo e Samos. Era unha das zoas mellor comunicadas da provincia.

[6]Na introducción do libro citado dise que Hedilla foi o que dirixiu e sinalou feitos e personaxes, cronoloxía, arquivos, xornais, etc., e que incluso corrixiu a obra.

[7]*Opus cit*., p. 134.

[8]Ver LUIS MOURE MARIÑO, *La generación del 36. memorias de Salamanca y Burgos*, Sada (A Coruña), 1989, p. 131.

[9]A cursiva é miña. Fol. 41 vº.

[10]Concretamente nas páxinas 131, 132, 134, 135, 287, 328, 346, 516 e 560.

[11]*El Progreso*, sábado 4 de outubro de 1980, p. 12.

[12]Na causa 1/38, fol. 135 e 135 vº acusase a MGZ de levar a cabo "otro negocio que corre parejo en turbiedad con el de la quiebra [refírese a unha quebra fraudulenta que lle atribúen por valor de millón e medio de ptas.] fue el de un específico a cuya producción se dedicaron, haciéndolo figurar como medicamento para los reumáticos, a base de ajo, que bautizaron con el nombre de Ajolín y productos 'Kobber' figurando procedente de una casa alemana. El valor intrínseco de cada paquete era de una peseta aproximadamente, y le asignaron el precio de diez y seis; y como era necesario una gran propaganda para la venta del producto, asociaron al negocio a un oficial de correos afecto a la administración de Sarria, el cual solicitaba de los oficiales, administradores, carteros y peatones de correos relaciones de los reumáticos de las localidades respectivas, nombrando a tales funcionarios representantes del negocio, y remitiéndoles por correo en paquetes postales, los artículos para su destino, como dirigidos a empleados de correos, con lo cual se ahorra los sellos de franqueo, defraudándose de tal modo al Tesoro. Así mismo defraudaban al Estado en la contribución industrial referente a tal negocio, tratando de coaccionar a dos inspectores de Hacienda, desplazados a Sarria, cosa que no les dio resultado, en vista de lo que, hicieron una denuncia falsa contra uno de ellos. También hicieron otra denuncia falsa contra el Secretario del Ayuntamiento, que no se prestó a dar por retrasada la fecha de alta presentada [Ernesto López Martínez, sospeitosamente detido o 3 de agosto do 36 en Sarria, cando Zaera era xefe provincial de FE–JONS e o seu lugartenente e procesado con el, Eduardo Gómez Requejo xefe comarcal de Sarria, saíndo dous días despois en liberdade] y que además intervino como letrado por los acreedores de la quiebra."

[13]Maximiano García Venero, *opus cit.*, p. 131.

[14]Fol. 591.

[15]Os documentos encontrados no rexistro que se verificou nos locais de FE-JONS de Sarria (unidos á causa) probaban que polos dirixentes se impoñían multas.

[16]Fol. 591 vº.

[17]Cabe destacar a testemuña de José Pérez Batallón López (gran propietario, que fora directivo de Unión Patriótica con Primo de Rivera), quen declarou que recibira unha carta dos presidentes da Deputación Provincial, da Cámara de Comercio e da Asociación Patronal de Lugo, que lle rogaban iniciase e organizase no partido xudicial de Sarria a Subscrición Patriótica e Nacional. Ó expoñer ó alcalde a carta anterior, este díxolle que co mesmo obxecto xa funcionaba unha comisión, a referida, e que polo tanto non debía constituírse unha segunda comisión. En consecuencia, o presidente da Deputación relevouno da petición anterior (aporta as dúas cartas). Declarou tamén que os integrantes da comisión antedita lle solicitaran 100 ptas. "para nutrir la suscripción para el Ejército y para el Movimiento Nacional" [Fol.s. 389 y vº].

[18]Cando os falangistas asumiron a súa xestión, acumuláronse as irregularidades, ate o punto de que o xuíz instructor considera imposible establecer no sumario a enorme contía do subtraído polos falangistas para o seu consumo ou para vendelo a terceiros. Destas ventas hai constancia pola declaración dos propios compradores e pola existencia de talóns de ingreso en tesourería de Falange. Dos ingresos de Falange dispoñían, sen ter que dar ningunha xustificación, tanto MGZ como Requejo. Para calar o descontento por esta apropiación e porque as listas de subscritores non aparecían na prensa, Requejo publicou unha nota nos xornais de contido claramente ameazador.

[19]O producto da venda deste ouro, realizada en Portugal, foi entregado por Requejo a lo menos aparentemente (o recibo expedido polo secretario de Nicolás Franco, Manuel Saco, non ten aparencia de documento oficial, foi escrito nun papel con cabeceira do hotel no que se aloxaba e presenta por detrás unhas anotacións a man do empregado do hotel a quen se lle encomendou a entrega de dito recibo) á Xunta Nacional de Burgos en Lisboa.

[20]Fols. 408 e 546.

[21]É importante consignar, por exemplo, que MGZ detraeu 15.000 ptas. o 14 de setembro de 1936 (mes no que foi nomeado xefe territorial de FE-JONS, "para Manuel Hedilla, Jefe de la Junta de mando", sen comprobante. [Fol. 590 vº].

[22]Así, na súa declaración o alcalde provisional de Sarria, fala dun "suceso desgraciado que costó la vida a dos soldados por haber disparado sobre ellos una pareja de falangistas", e tamén de que elementos falangistas "emplearon la violencia en el domicilio de éste [señor cura de Reiriz], sacándole todas las existencias que tenía en la tienda de su casa" [fols. 2vº-3]. Pola súa parte o brigada retirado da guarda civil e xefe de liña de Sarria en setembro do 36, denunciou, ademais de múltiples extorsións dirixidas contra familiares de individuos de esquerdas paseados, outras contra sacerdotes os que esixiron importantes cantidades de diñeiro, chegando en ocasións a roubarllo. Tamén declara que: "una pareja de falangistas de servicio

hicieron fuego sobre una camioneta ocupada por parejas de la Guardia Civil y soldados (...) ocasionaron con los disparos tres heridos, dos de ellos fallecidos". [Fols: 3vº-5vº]. Outros testemuños igualmente inculpatorios figuran nos fols. 5vº, 19 vº, 29 vº, 415-417.

[23]A cursiva é miña. Fol. 596-vº

[24]Estas circunstancias aparecen referidas no expediente instruído en indagación de irregularidades cometidas por MGZ polo Xulgado Militar Eventual de Lugo en xuño de 1937, fol. 4-vº. O expediente atopase no Tribunal Militar Territorial Cuarto de A Coruña.

[25]A cursiva é miña. Fol. 182-vº.